

**Don Xosé Xabier Ron Fernández, con DNI 32656790 X, e domicilio a efectos de comunicación en Santiago (r/ Dublín , 8 baixo, dta.. Sede Comarcal de Esquerda Unida-IU), en calidade de Coordinador Comarcal de Esquerda Unida-IU, e de acordo co establecido na lexislación local presenta ao Pleno do Concello de Santiago a seguinte moción**

## **MOCIÓN** **CREACIÓN DUN SERVIZO DE MEDIACION DA VECIÑANZA**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

En ocasións, os ritmos da vida cotiá conlevan a aparición de conflitos de pequena intensidade entre veciños que se poderían xestionar de forma civilizada e racional, impedindo que se enquisten de forma negativa no xeito de percibir tal relación e a propia convivencia.

Sendo esta unha cidade universitaria é moi habitual que xurdan problemas relacionados co ruído. A canalización, as máis das veces, faise de forma cáseque exclusiva a través da denuncia policial, sen que se produza un diálogo entre as partes confrontadas e sen que, no fondo, se chegue á resolución do conflito.

Por iso, Esquerda Unida entende que é preciso un espazo dirixido aos veciños da cidade, de carácter gratuito, para a resolución pacífica de conflitos. Trátase de fomentar o compromiso cívico cidadán e reforzar a convivencia cun novo modelo para xestionar as situacións conflictivas.

A mediación é un proceso de **resolución de conflitos** onde un terceiro imparcial (o mediador) axuda aos implicados a buscar alternativas para resolver o problema formulado, baseándose na comunicación, o respecto e a colaboración das partes implicadas.

Os **obxectivos** deste novo servizo serán: a) Prevención de conflitos; b) Resolución antes do agravamento de conflitos entre veciños; c) Resolución extraxudicial de problemas entre veciños; d) Establecemento dun sistema público, universal, permanente e gradual para a resolución de conflitos.

A **tipoloxía de conflitos** á que se dedicará serán: a) Conflitos veciñais relativos á utilización de espazos e mobiliario público; b) Conflitos de convivencia entre veciños; c) conflitos de convivencia entre comunidades de veciños.

Quedarían excluídos deste servizo de mediación os seguintes conflitos:  
a) Conflitos intrafamiliares; b) conflitos onde unha das partes sexa o Concello; c) conflitos escolares.

As súas **principais características** sendo a gratuidade do servizo; a rapidez; o carácter voluntario polas partes confrontadas; a imparcialidade e a confidencialidade.

### ***O Equipo profesional***

Estará formado por avogados, sicólogos e traballadores sociais especializados en técnicas de comunicación e xestión de conflitos que axudarán guiando a negociación para chegar a un acordo sen tomar decisións, sempre velando polo equilibrio.

Entre as súas funcións estará a de emitir un informe de carácter anual sobre o funcionamento de dito servizo, onde consten datos cuantitativos e cualitativos sobre o seguemento das distintas resolucións adoptadas.

### ***Solicitud do servizo de mediación***

Para o coñecemento do conflito habilitarase un teléfono gratuito para que unha ou ambas partes opten polo servizo de mediación. Outras vías de solicitude serán: o informe de incidencia policial co consentemento informado de ambas partes; a solicitude vía enderezo electrónico dunha ou das dúas partes confrontadas.

A opción da mediación non implica a imposibilidade de apelar a outros recursos como a xustiza. Unicamente trátase de intentar solucionar aquilo que nos preocupa e molesta dunha forma razoable, próxima e estable.

Nunha segunda fase, unha vez que o servizo de mediación xa teña consolidada a súa funcionalidade, e co fin de que a cidadanía poda participar na observación e mesmo na conformación efectiva do servizo de mediación, o Concello poñerá en marcha Talleres de Formación en resolución de conflitos para que as persoas que o desexen poidan achegar a súa axuda ao propio servizo de mediación.

En base ao anterior proponse ao Pleno do Concello de Santiago que adopte o seguinte:

### **ACORDO**

1. Creación dun Servizo de Mediación Veciñal coas características enumeradas e descritas na exposición de motivos.

Santiago, 25 de marzo de 2008